



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN ANDREA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO SOPORTE VITAL ÁS FAMILIAS CON NENAS/NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN OU TERMINAIS CON ESCASOS RECURSOS ECONÓMICOS NO ANO 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E DA IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou xunto coa Fundación Andrea, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2020. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de abril de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Andrea no desenvolvemento do programa *SopORTE Vital ás familias con nenas/os con enfermidades de longa duración ou terminais con escasos recursos económicos*. Este programa ten como finalidade a de dispensar a axuda necesaria para que estas familias poidan facer fronte aos gastos que se produzan polo tratamento médico dos menores tanto no fogar familiar como nos distintos hospitais de España, facilitando que poidan afrontar os gastos de traslado, a asistencia privada a sesións de fisioterapia, a sesións de logopedia, a sesións de musicoterapia, os gastos en equipamentos ortopédicos e os derivados da adecuación das vivendas ou vehículos para nenas e nenos con diversidade funcional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que as persoas beneficiarias das actuacións previstas no instrumento convencional que se pretende desenvolver a través da Fundación Andrea, son as familias con nenas/os con enfermidades de longa duración ou terminais con escasos recursos económicos.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a Fundación Andrea é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que ten entre as súas funcións a protección e defensa das familias que teñen nenas ou nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e ás nenas e aos e ás adolescentes, neste caso, en colaboración cunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.

Tendo en conta o carácter específico das intervencións obxecto do programa subvencionado e a focalización deste no eido familiar, resulta imposible promover a concorrência para a esta subvención, pois esta entidade é a única entidade que desenvolve unha actividade deste tipo que





pon o foco na realidade das familias que sofren a doenza dun dos seus fillos/as e, polo tanto, a concesión directa da subvención é a canle máis idónea para que a consellería os seus fins neste particular eido. Deste xeito, o proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos establecidos nos artigos 2 e 19.4, letra c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, segundo establece este último artigo, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, *na data da sinatura electrónica*

